

BASTA DE “ROUBAR” XORNADA NOS PACs

ABONDA XA !
Queremos solucións !

O xoves 19 de febreiro está convocada no SERGAS unha mesa de traballo para abordar o problema dos cómputos de xornada nos PACs.

A día de hoxe, cando o persoal médico e de enfermaría solicita un permiso ou está en situación de incapacidade temporal, descóntanselle horas da súa carteleira, chegando incluso a quedar a deber xornada ao SERGAS. Esta práctica é inxusta e non a imos aceptar.



IG-Saúde non imos permitir que se siga “roubando” xornada polo desfrute de permisos ou polas IT. Imos á negociación a esixir que se respecten os dereitos laborais conquistados pola clase traballadora, sen ter que renunciar aos días libres que lles corresponden.

O persoal dos PAC merece que, dunha vez por todas, se regularice a súa situación e se lle recoñezan os días realmente traballados.

O SERGAS pretende paliar a falta de persoal nos PAC a través dunha nova oferta de voluntariedade, pero isto non será posible mentres non se regularice a xornada e se deixe de “roubar” tempo ao persoal que traballa nos PACs.

